

# Proposta de implantación dunha tarxeta restaurante na USC

## Introdución

O obxectivo deste texto é realizar unha primeira proposta para a implantación dunha tarxeta restaurante na USC. A idea principal tras este mecanismo é permitir que parte do salario dunha persoa traballadora na USC poida ser cobrada en especie, en forma de comidas e, polo tanto, estea exenta de IRPF (artigo [42.3](#)).

Nun momento no cal a carestía da vida está a avanzar con forza, a persoa traballadora podería aforrar o tipo marxinal do IRPF no gasto que supón a comida, axudando a paliar os efectos da suba de prezos que se acometeron pola inflación.

A iniciativa pode servir para reforzar o papel das concesións de cafeterías e comedores da USC como un servizo da universidade e fomentar o seu uso por parte do persoal universitario. Transmitiría unha imaxe da USC como unha empresa preocupada pola mellora da calidade de vida das súas traballadoras, o que resulta atractivo á hora de captar recursos humanos. Ademais, facilitaría a conciliación familiar nos casos nos cales resulta máis axeitado realizar unha xornada de traballo continua, e non fraccionada, fomentando comer preto do centro de traballo, dada a extensa rede de concesións de cafeterías da USC.

Nesta proposta preséntanse tres posibles implementacións: talonario de vales, tal e como se fai coa bolsa de comedores dos estudantes; creación dunha tarxeta propia ou adhesión deste servizo á TUI; e adhesión a unha das redes/tarxetas restaurante existentes. Todas elas terían un nulo ou escaso custo de implantación.

## Estimación de aforro familiar

De levar a cabo esta medida, calcular o aforro económico familiar resultante depende da situación de cada persoa: salario, estado civil, fillos/as... Os datos amosados a continuación foron calculados empregando a situación dunha persoa solteira sen descendencia e que cobra os salarios mínimos para cada categoría sen

engadir ningún outro complemento salarial. Indícanse como exemplo algunha das categorías laborais máis precarias.

<b>Categoría laboral</b>	<b>Aforro no comedor universitario / restaurante</b>
Investigador/a predoutoral	23.65%
Investigador/a colaborador	23.65%
Técnico/a superior de investigación	29.90%
Investigador/a asociado	29.90%
Axudante Doutor/a	29.90%

Táboa I: Porcentaxe de aforro sobre o menú diario para cada categoría.

## Propostas de implantación

### 1) Talonario de vales

Sistema propio similar ao empregado nas bolsas de comedor dos estudantes.

Vantaxes:

- Custo nulo.
- Reforzo do consumo nos comedores e cafeterías da USC.
- Facilitade total de implantación, emulando o sistema empregado coas bolsas comedor dos estudantes.

Desvantaxes:

- Xestión a nivel de persoal de recolectar os vales nas cafeterías e comedores, saber o importe polo que se empregaron, ver a nome de quen están os mesmos.

### 2) Creación da tarxeta propia “Cafeterías e comedores universitarios da USC”

Sistema propio en sintonía coas políticas de dixitalización das entidades públicas.

Vantaxes:

- Custo nulo.
- Reforzo do consumo nos comedores e cafeterías da USC.
- Medida na liña da dixitalización das entidades públicas.

- No caso de integrar a tarxeta na aplicación móbil da USC, fomento do uso da devandita aplicación dentro do persoal da universidade,
- Establecer este servizo de forma dixital posibilitaría, paralelamente, á dixitalización do sistema de bolsas comedor.

Desvantaxes:

- Pequeno traballo por parte do persoal no intre moi concreto no tempo no cal se leve a cabo a implementación por parte da área TIC e áreas de Xerencia.

### 3) Adhesión a redes xa existentes

Contratación externa do servizo (Edenred, Sodexo, entre outros sistemas xa consolidados).

Vantaxes:

- Menos traballo na posta en marcha da tecnoloxía necesaria por parte da área TIC e das áreas de Xerencia.
- Uso fóra de Compostela ou Lugo cando se traten desprazamentos laborais.
- Maior oferta de restaurantes.

Desvantaxes:

- Pequeno custo da USC pola emisión e mantemento das tarxetas. A modo de exemplo e partindo da [licitación doutro organismo público](#)<sup>1</sup>, esta comisión sería do 0.25% asumindo 310.000€ de retribución flexible en restaurantes.
- Non se fomenta o uso exclusivo das cafetarías e comedores da USC.

---

1

[https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle\\_licitacion&idEvl=7BWtYxeLimiiEJrVRql oyA%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=7BWtYxeLimiiEJrVRql oyA%3D%3D)